

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E A ENTIDAD COLABORADORA DE PESCA CONTINENTAL CLUB PESCA RÍO CABE, PARA A CONCESIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN DESTINADA AO FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE MELLORA AMBIENTAL PARA A SUSTENTABILIDADE DOS RÍOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, de acordo co Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, Don Roberto Martínez Díaz, en calidade de Presidente da Entidade Colaboradora "CLUB PESCA RÍO CABE", en virtude de nomeamento na Asemblea Xeral da entidade do 10/09/18.

A citada entidade, ostenta a condición de Entidade Colaboradora de acordo co establecido no capítulo VII do *Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais*, con nomeamento en vigor.

Ambas as partes, no exercicio das funcións que lles corresponden e na representación que ostentan, recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio, e para tal efecto,





EXPOÑEN:

Primeiro. Que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en adiante, CMACC), ten atribuída as competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, segundo o establecido no *Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia*, no *Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia*, e no *Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático*.

Segundo. Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia en materia de pesca fluvial e lacustre segundo o artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española.

Segundo o establecido no artigo 36 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio), considéranse Entidades Colaboradoras de pesca continental as que realicen actividades ou investimentos en favor da riqueza piscícola das augas continentais galegas, así como na mellora da calidade do medio ambiente das devanditas augas e que teñen recoñecido tal carácter.

A *Lei 2/2021, de 15 de xaneiro, de pesca continental de Galicia*, avoga polo recoñecemento ao importante papel que se ten desempeñado nestes anos en favor da riqueza piscícola e prevé, no seu artigo 30, a posibilidade que ten a Administración autonómica de subscribir convenios de colaboración coas asociacións ou as sociedades de persoas pescadoras de carácter non lucrativo que acrediten a condición de Entidades Colaboradoras, os cales terán por obxecto a realización de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola, é dicir, aqueles que repercutan en beneficio directo e indirecto do hábitat ou da riqueza piscícola continental, así como a mellora dos ecosistemas acuáticos, en tramos concretos de ríos, os encoros e as lagoas.

Terceiro. A crecente demanda de participación na protección e conservación dos ecosistemas fluviais por parte dos colectivos de pescadores, determina que a





CMACC teña establecido un marco de colaboración sostido para a realización de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola das augas continentais, así como na mellora dos ecosistemas fluviais, promovendo acordos para actuacións en tramos concretos de río con aquelas Entidades Colaboradoras interesadas en participar na realización de actividades que revertan na mellora ambiental e na sustentabilidade dos ríos na nosa comunidade autónoma, mediante o desenvolvemento de actuacións de intervención nos ámbitos fluviais, encamiñadas a mellorar estes espazos, a través do reforzamento de tarefas de xestión de residuos que a pesca e outras actividades autorizadas poidan xerar.

Cuarto. A Entidade Colaboradora (no sucesivo EC) ten suscrito un convenio de colaboración en vigor (de data 22/02/25) coa CMACC para a realización de actividades ou investimentos en favor da riqueza piscícola das augas continentais, así como na mellora dos ecosistemas fluviais no seguinte tramo de río:

Couto/s : MONFORTE, no río/s : Cabe

Quinto. A EC e a CMACC manifestan a súa vontade de reforzar a colaboración no desenvolvemento de actuacións no tramo de río referido, mediante o emprego do equipamento adecuado, necesario para a realización de xestión de residuos que a pesca e outras actividades autorizadas podan xerar, contribuíndo deste xeito á prevención do deterioro do estado da masa de auga, e coa finalidade última de acadar o seu bo estado ecolóxico.

Sexto. A concesión da subvención para a adquisición de equipamento indicada no punto anterior mediante o presente convenio, deriva da necesidade de reforzar o compromiso de colaboración existente con esta EC con respecto ao tramo de río concreto mencionado no punto cuarto anterior, e da inexistencia dunha liña específica de subvencións en réxime de concorrència competitiva para o tipo de actuación concreta obxecto deste convenio.

De conformidade coas anteriores consideracións a CMACC e a EC acordan subscribir este convenio coas seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto instrumentar a concesión directa dunha subvención da CMACC a favor da EC referida, así como establecer as condicións que rexen a colaboración entre as partes, para o desenvolvemento de accións conxuntas de actividades de reforzo da mellora ambiental para a sustentabilidade do Couto/s : MONFORTE, no río/s : Cabe

A subvención concédese con carácter excepcional e directo, por razóns de interese público, social e ambiental, e materialízase mediante a formalización do presente convenio de colaboración, que regula o destino dos fondos, as obrigas de execución, xustificación, control e publicidade.

Con este convenio a Consellería pretende colaborar coa dotación da citada EC co equipamento necesario para facilitar as tarefas de xestión de residuos que a pesca e outras actividades autorizadas podan xerar no tramo de río mencionado.

O detalle dos gastos de natureza subvencionable recóllese no Anexo I do presente convenio.

SEGUNDA.- OBRIGAS ASUMIDAS POLA CMACC

A CMACC comprométese a realizar as seguintes accións:

1. Conceder de forma directa unha subvención á EC referida por un importe máximo de 2.000 euros, con cargo ao capítulo 7 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2026, correspondente a transferencias de capital, aplicación orzamentaria 06.04.541B.781.0.
2. Realizar o seguimento e supervisión das actuacións financiadas.
3. Colaborar nos actos de difusión e de comunicación que se leven a cabo en relación coas accións que se desenvolvan no marco deste convenio.





TERCEIRA.- OBRIGAS ASUMIDAS POLA ENTIDADE COLABORADORA

A EC comprométese a:

1. Adquirir o equipamento que considere necesario para o reforzo do desenvolvemento de tarefas de xestión de residuos que a pesca e outras actividades autorizadas podan xerar no Couto/s : MONFORTE, no río/s : Cabe (de acordo coa listaxe incluída no Anexo I).
2. Someterse ás actuacións de comprobación, control e fiscalización que poidan realizar os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Comunicar calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como a obtención concorrente doutras axudas.
4. Dispor dos libros contables, rexistros e demais documentación exixida pola normativa aplicable.
5. Dar cumprimento á obriga da adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e no artigo 20 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.
6. Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
7. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CUARTA.- CONTÍA DA ACHEGA ECONÓMICA E GASTOS COMPENSABLES

O importe total da subvención concedida no marco do presente convenio ascende a DOUS MIL EUROS (2.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.541B.781.0





dos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2026, proxecto de gasto 2011 00756.

A achega ten natureza subvencional e concédese de forma directa, sen contrapartida directa por parte da entidade beneficiaria, destinándose a financiar o equipamento necesario da EC para facilitar as tarefas de xestión de residuos que a pesca e outras actividades autorizadas poidan xerar.

Na memoria económica sinálase o detalle do total das EECC beneficiarias, co importe obxecto de subvención destinado a cada unha delas.

QUINTA.- DOCUMENTACIÓN PREVIA

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no *Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións*; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actuacións a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

1. De conformidade co disposto no artigo 17 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a normativa reguladora das subvencións permite a concorrencia doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, sempre que non se produza dobre financiamento dos mesmos gastos. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en





concorrenza con outras axudas, supere o custo total da actuación subvencionada.

2. No caso de percibir outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións.

3. A suma de todas as axudas, ingresos ou recursos destinados ao mesmo fin, en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo total da actuación obxecto da axuda.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten necesarios para a execución das actuacións recollidas na cláusula segunda do presente convenio, de acordo co previsto na memoria económica, consonte o establecido no artigo 29 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

O detalle dos gastos de natureza subvencionable recóllese no Anexo I do presente convenio.

2. Os gastos deberán realizarse dentro do período de execución do convenio. De conformidade co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considerarase gasto realizado aquel que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do correspondente período de xustificación establecido para cada exercicio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

3. De acordo co establecido no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación.

OITAVA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN, PRAZO E PAGAMENTO

A cantidade achegada pola CMACC entregáraselle á entidade beneficiaria nun único pagamento, unha vez presentada e validada a xustificación da subvención, que de-





berá ser achegada ata o 15/09/2026 e comprenderá os gastos realizados desde a sinatura do convenio ata esa data.

O dito pagamento financiará exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes asinantes do convenio obteña ningún lucro. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente.

A entidade ten a obriga de remitir, dentro do prazo sinalado, a seguinte documentación para a xustificación da axuda:

- a) Facturas de compra dos equipamentos. Os xustificantes de gasto consistirán, de forma xeral, na copia das facturas acreditativas dos investimentos e xustificación do pagamento efectivo destas.
- b) Declaración do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 10 Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- c) Consentimento expreso para a inclusión e tratamento dos datos en cumprimento da publicidade da axuda segundo o disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
- d) Declaración da titularidade da conta bancaria na que deberá realizarse o pagamento da subvención.
- e) Memoria xustificativa, na que se acreditará o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención e do obxecto do convenio, con indicación das actuacións realizadas, os resultados obtidos e, de ser o caso, as incidencias máis relevantes producidas durante a execución das actuacións subvencionadas.
- f) Certificado de exención/non recuperación do IVE ou declaración de que o IVE soportado non vai ser deducible.





NOVENA.- FISCALIZACIÓN E CONTROL

A EC manterá a disposición da CMACC ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos efectuados a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento deste convenio establecerase unha comisión mixta na que participarán dous representantes designados pola EC e dous representantes designados pola CMACC, nomeados para tal fin (ou persoas en quen estas deleguen).

Esta comisión terá como funcións:

- a) O seguimento do cumprimento do convenio.
- b) En caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran.
- c) Asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes deste convenio.
- d) Resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse cantas veces sexa preciso para conseguir que o convenio acade os seus obxectivos.

O funcionamento da Comisión de Seguimento axustarase ao disposto no capítulo II da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*, sen prexuízo da facultade de completar estas normas de funcionamento.





DÉCIMO PRIMEIRA.- ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende a data da sinatura e manterá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2026.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

Este convenio de colaboración poderá ser modificado por mutuo acordo das partes, previa proposta da Comisión de Seguimento e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente

A modificación efectuarase mediante a subscrición dun acordo de modificación e sempre dentro do prazo de duración do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos.

Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.





- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e está suxeito á regulación dos convenios establecida nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sen que a súa formalización altere a natureza subvencional da achega.

A concesión directa da subvención realízase ao abeiro do disposto nos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao concorrer razóns debidamente xustificadas de interese público, social e ambiental que dificultan a súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva, sendo de aplicación con carácter supletorio o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en todo aquilo que non se opoña á normativa autonómica.

O presente convenio queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co disposto no seu artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios desa lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, consonte o previsto no seu artigo 4.

Para todo o non previsto neste convenio resultará de aplicación, ademais da normativa de subvencións anteriormente citada, o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de





Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

A Administración autonómica gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do presente convenio.

Todas as cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, o cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e a determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola CMACC, poñendo fin á vía administrativa.

Así mesmo, as cuestións litixiosas que poidan xurdir en relación coa interpretación, modificación, efectos ou resolución do presente convenio serán resoltas pola CMACC, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, nos termos previstos no artigo 124 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, no prazo dun mes se o acto fose expreso. Se o acto non fose expreso, o recurso poderá interpoñerse en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante os órganos da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso, ou no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno* (DOG núm. 30 do 15 de fe-





breiro) e o *Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia* (DOG núm.149 do 3 de agosto).

DÉCIMO SEXTA.- AUSENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquer outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMACC, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e da Comisión, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola que se derroga a Directiva 95/46/CE, na *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*, así como o resto da lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera información, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que podan utilizalos para usos diferentes aos previstos o mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de





protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar a relación entre as partes.

Así mesmo, as partes asinantes cumprirán coa regulación contida no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, que ten por obxecto regular os principios básicos e requisitos mínimos necesarios para unha protección adecuada da información tratada e os servizos prestados polas entidades do seu ámbito de aplicación, con obxecto de asegurar o acceso, a confidencialidade, a integridade, a rastrexabilidade, a autenticidade, a dispoñibilidade e a conservación dos datos, a información e os servizos utilizados por medios electrónicos que xestionen no exercicio das súas competencias.

DÉCIMO OITAVA.- REINTEGRO E INCUMPRIMENTOS

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, así como a existencia do xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención, nos supostos e nos termos previstos na *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, e na normativa que resulte de aplicación.

En particular, serán causas de reintegro o incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio, a falta de xustificación ou a xustificación insuficiente, o incumprimento das obrigas de publicidade, así como a resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control. O procedemento de reintegro tramitarase de conformidade co previsto na normativa de subvencións aplicable.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, as partes asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da súa sinatura dixital.

A conselleira de Medio Ambiente e
Cambio Climático

O/A presidente/a da entidade
colaboradora

Ángeles Vázquez Mejuto

Roberto Martínez Díaz





ANEXO I

GASTOS DE NATUREZA SUBVENCIONABLE

Material e equipamento para a xestión de residuos que a pesca e outras actividades autorizadas podan xerar.

Denominación	Prezo medio
Motoserras	350-650 €
Desbrozadoras manuais	500-900 €
Ancillos, palas	20-35 €
Forcas e ganchos (para retirada residuos de difícil acceso)	25-55 €
Pinzas de recollida	12-25 €
Bolsas /sacos de lixo resistentes	3,50-7,50 €
Contedores	100-200 €
Guantes de protección, Botas impermeables (waders), guantes de seguridade, chalecos de alta visibilidade, cascos e gafas de protección.	105-230 €
Barreiras flotantes (Biobardas)	30 -70 €/metro lineal
Biotrituradoras ou chipeadoras	600-1400 €
Outros equipos e prendas de protección individual	90-180 € por individuo
Outros elementos de análoga natureza (especificar)	Ata 200 €

